

PREZOS.

Psicólogos/as GIPCE: 80, 00 €

Psicólogos/as colexiados/as: 120,00 €

Psicólogos/as colexiados/as desempregados/as e estudantes do último curso de grao en Psicoloxía : 60,00 €

Neste curso podes optar as prazas gratuítas para colexiados/as desempregados/as. Bases no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

INSCRICIÓN:

Directamente nos locais do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN ES64 2080 0316 23 3040008164 de ABANCA.

Na admisión terán preferencia os psicólogos e psicólogas membros do GIPCE, as persoas que teñen enviada a solicitude de ingreso no mesmo e demais psicólogos/as colexiados/as, respectándose rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca online ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado polo responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

Último día de inscrición: **26 de febreiro de 2018.**


Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa Espiñeira, 10 - Baixo

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983

copgalicia@copgalicia.gal



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

CURSO DE COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES E INTERVENCIÓN EN DÓ 2, 3, 16 e 17 de marzo de 2018

Docentes

M^a Carmen González Hermo. *Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Membro do GIPCE desde 2005 e da Comisión Coordinadora desde outubro de 2010. Psicóloga na asociación AMBAR de persoas con diversidade funcional.*

José Ramón García Gómez. *Membro do GIPCE desde 2005. Especialista en Psicopatoloxía, Intervención Clínica e Saúde (UNED). Especialista en psicoterapia pola EFPA. Terapeuta EMDR e do PAPMVX. Psicólogo da Rede Nacional de Atención a Víctimas de Terrorismo.*

Coordinadores

M^a Carmen González Hermo e José Ramón García Gómez.

DIRIXIDO A:

Membros do GIPCE. Psicólogos/as colexiados/as, psicólogos/as colexiados/as desempregados/as e estudantes do último curso do grao en Psicoloxía.

OBXECTIVOS:

Adquisición de coñecementos, técnicas de intervención psicolóxica e habilidades necesarias para o desempeño de funcións e tarefas no ámbito da comunicación de malas novas e procesos de Dó.

METODOLOXÍA:

Seguirase unha liña de traballo teórico-práctica con dinámicas de traballo en grupo, uso de materiais audiovisuais e discusión de casos prácticos.

PRAZAS:

70

HORARIOS:

Venres: De 17.00 a 21.00 horas.

Sábado: De 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

LUGAR:

*Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa de Madrid, nº 2.
15707 Santiago de Compostela.*

PROGRAMA:

1.COMUNICACIÓN DE MALAS NOVAS.

- 1.1. Que son as malas novas.
- 1.2.Repercusión no proceso de dó e valoración de riscos psicolóxicos en persoas afectadas.
- 1.3. Reaccións habituais na comunicación.
- 1.4. Actitudes e habilidades profesionais: que facer e que non facer.
- 1.5. Protocolos de comunicación: contextualización e metodoloxía. Comunicación presencial vs. comunicación telefónica.
- 1.6. Comunicación de malas novas en situacións especiais: suicidios, desaparicións, accidentes con múltiples vítimas, mortes violentas, outros.
- 1.7. A comunicación con poboacións especiais.

2. O DÓ.

- 2.1. Conceptualización e evolución do concepto de dó.
- 2.2. Reaccións habituais.
- 2.3. Modelos de entender o dó: modelo de Kübler-Ross, teoría do apego de Bowlby, modelo de tarefas de Worden.
- 2.4. Tipos de dó: dó como proceso natural e dó complicado ou patolóxico.
- 2.5. Obxectivos e principios na intervención.
- 2.6. Factores moduladores no proceso de dó: factores de risco e de protección.
- 2.7. Dó en menores e adolescentes.
- 2.8. Dó en circunstancias especiais: suicidio, desaparicións, mortes violentas, accidentes con múltiples vítimas, morte en menores.
- 2.9. A intervención en situacións de emerxencias e catástrofes.